



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

### - CASA CONSISTORIAL, XOVES 26 DE OUTUBRO DE 2017 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

#### **PRESIDE:**

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

#### **ASISTEN:**

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

#### **AUSENCIAS:**

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

#### **SECRETARIA / INTERVENTORA:**

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### **ORDE DO DÍA**

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 27/07/2017 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

#### **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

##### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

##### **2.1.1.- NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE DESESTIMACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DA SOLICITUDE PRESENTADA NA LIÑA DE SUBVENCIÓNS DE NATUREZA COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2017 PARA O PROXECTO "ACONDICIONAMENTO CHOUSA DA MOTA"**

Pola secretaria dáse conta da notificación de resolución de desestimación da Dirección Xeral de Administración Local, con rexistro de entrada no concello co número 1779 en data 28/07/2017, na que notifica que por resolución do 19 de xullo de 2017 do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dentro da liña de subvencións de natureza competitiva, acordouse subvencionar aquelas entidades solicitantes que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 31,70 puntos. Ao non ter acadado tal puntuación, a súa solicitude de subvención enténdese desestimada.

##### **2.1.2.- RESPOSTA DA SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA EN RELACIÓN COA PETICIÓN PARA A DECLARACIÓN DE RUÍNA DO INMOBLE DA ANTIGA CASETA DE LEGOEIROS SITUADA NA AC-840**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da secretaria xeral técnica e do Patrimonio con rexistro de entrada no concello co número 1869 en data 8/08/2017, no que comunica que por



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

parte desa Secretaría non existe impedimento en que se proceda á demolición desta edificación baixo os seguintes condicionantes:

- 1.- Todos os custos desta actuación correrán a cargo do Concello de Boimorto.
- 2.- Unha vez demolida deberán especificar os usos aos que se destinará a parcela co obxecto, de ser o caso, de realizar unha modificación da finalidade da cesión.

## 2.1.3.- RESOLUCIÓN DE AGADER SOBRE A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA MEDIDA LEADER DO PDR DE GALICIA 214-2020. CONVOCATORIA 2017-2018. PROXECTO ACONDICIONAMENTO DO CENTRO DE ENVELLECIMENTO ACTIVO DE ARCEO. (CONCELLO DE BOIMORTO)

Pola secretaria dáse conta da resolución recibida de Agader con rexistro de entrada no concello co número 1915 en data 14/08/2017, na que se resolve conceder unha axuda ao proxecto "Acondicionamento do centro de envellecemento activo de Arceo. (Concello de Boimorto)". Natureza: non produtivo, coas seguintes condicións:

1. O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

CONCEPTO	PARTIDA	ORZAMENTO PRESENTADO C/IVE	ORZAMENTO ACEPTADO C/IVE
Obra civil	Obra civil	46.818,80 €	46.818,80 €
Equipamiento	Equipamiento e maquinaria	8.736,20 €	8.736,20 €
	TOTAL	55.550,00 €	55.550,00 €

2. O importe da subvención e a % de axuda desagregado por fontes de financiamento é o seguinte:

Orzamento aceptado	55.550,00 €	Distribución de fondos		
% Axuda	84,44%			
Importe da axuda	46.906,42 €	FEADER	75%	35.179,82 €
		MARM	2,50 %	1.172,66 €
		AGADER	22,50 %	10.553,94 €

O importe da axuda distribuirase en anualidades do seguinte xeito:

ANO	% TOTAL SUBVENCIÓN	IMPORTE
2017		25.266,64
2018		21.639,78
	TOTAL	46.906,42

O prazo de execución e xustificación remata o 15 de outubro de 2018. Para os gastos correspondentes á anualidade 2017, o prazo de execución e xustificación dos mesmos rematará o 15 de outubro de 2017

## 2.1.4.- ESCRITO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL COMUNICANDO QUE ESTE CONCELLO CONTARÁ CUN REFORZO DE 638 HORAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## (SAF DEPENDENCIA)

Pola secretaria dáse conta do escrito do conselleiro de Política Social, con rexistro de entrada no concello co número 1924 en data 16/08/2017, no que comunica que a partir do 1 de setembro este concello contará cun reforzo de 638 horas máis o ano, cun incremento do financiamento anual estimado de 6.056,46 €.

## 2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DIRECTORA XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL EN RELACIÓN Á SOLICITUDE PRESENTADA POR ESTE CONCELLO AO ABEIRO DA ORDE DO 15 DE MAIO DE 2017

Pola secretaria dáse conta da resolución de data 22/08/2017, ditada pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, con rexistro de entrada no concello co número 1975 en data 24/08/2017, na que resolve concederlle á entidade Concello de Boimorto a cantidade de 4.800,00 €uros.

## 2.1.6.- REQUIRIMENTO DO ORGANISMO DE AUGAS DE GALICIA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS DOMÉSTICAS DEPURADAS AO REGATO DE VILADÓNIGA (CUNCA DO RÍO ULLA) PROCEDENTES DO SISTEMA DE DEPURACIÓN ASENTADO NO LUGAR DA GÁNDARA – BOIMORTO

Pola secretaria dáse conta do escrito da xefa da área de vertidos do Organismo Augas de Galicia, con rexistro de entrada neste concello co número 2025 en data 31/08/2017, no que informa que a vista da documentación remitida por este concello en contestación á execución da resolución notificada ao concello en data 06/07/2017, comunica que dos informes de ensaio cos resultados analíticos das mostras do vertido tomadas en datas 10/07/2014, 22/01/2015 e 23/02/2017, remitidos polo concello e recibidos nesa entidade en data 21/07/2017, despréndese que as mostras foron tomadas por persoal de Augas de Galicia con motivo das inspeccións efectuadas ás instalacións de referencia, sinalando que en ningún caso substituirán aos autocontrois que o titular debe realizar de acordo co establecido na autorización de vertido.

Polo tanto, requíreselle ao concello a **realización e remisión** de Augas de Galicia dos resultados dos controis do vertido coa periodicidade establecida na autorización de vertido outorgada.

## 2.1.7.- INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, EN RELACIÓN ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS EN OFICIO REMITIDO POR ESTE CONCELLO EN MARZO 2017.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, con rexistro de entrada no concello co número 2029 en data 1/09/2017, no que se da resposta as seguintes cuestións:

a.- Medición de distancias para implantación dunha nova explotación gandeira.

a.1.- Explotacións sen base territorial.

b.- Segregación de parcelas en solo rústico.

c.- Posibilidade de máis de un uso na mesma parcela.

## 2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DIRECTORA XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL EN RELACIÓN Á SOLICITUDE PRESENTADA POR ESTE CONCELLO AO ABEIRO DA ORDE DO 11 DE ABRIL DE 2017 PARA A POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS LOCAIS DIRIXIDAS Á XUVENTUDE DURANTE O ANO 2017

Pola secretaria dáse conta da resolución ditada pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, con rexistro de entrada no concello co número 2043 en data 5/09/2017, na que se resolve denegar, a solicitude presentada polo Concello de Boimorto ao abeiro da Orde do 11 de abril de 2017 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017, polos motivos recollidos no feito 3: o Concello de Boimorto inclúese na lista de reserva regulada no 17.2 da orde de convocatoria, na que se integran aquelas entidades locais solicitantes que, pese a acadar a puntuación mínima esixida no artigo 15.1 da orde de convocatoria na valoración dos proxectos, non son propostas como adxudicatarias por esgotarse o crédito orzamentario dispoñible.

## **2.1.9.- REQUIRIMENTO DO ORGANISMO DE AUGAS DE GALICIA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS DOMÉSTICAS DEPURADAS AO REGATO DE FILGUEIRA (CUNCA DO RÍO ULLA) PROCEDENTES DO SANEAMENTO DE DORMEÁ, ALGALIA E BARRIO**

Pola secretaria dáse conta do escrito da xefa da área de vertidos do Organismo Augas de Galicia, con rexistro de entrada neste concello co número 2048 en data 05/09/2017, no que informa que a vista da documentación remitida por este concello en contestación á execución da resolución notificada ao concello en data 18/07/2017, comunica que dos informes de ensaio cos resultados analíticos das mostras do vertido tomadas en datas 03/01/201207 e 23/02/2017, remitidos polo concello e recibidos nesa entidade en data 20/07/2017, despréndese que as mostras foron tomadas por persoal de Augas de Galicia con motivo das inspeccións efectuadas ás instalacións de referencia, sinalando que en ningún caso substituirán aos autocontrois que o titular debe realizar de acordo co establecido na autorización de vertido.

Polo tanto, requíreselle ao concello a **realización e remisión** de Augas de Galicia dos resultados dos controis do vertido coa periodicidade establecida na autorización de vertido outorgada.

## **2.1.10.- NOTIFICACIÓN DE PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR INFRACCIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS**

Pola secretaria dáse conta da notificación remitida da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con rexistro de entrada no concello co número 2120 en data 14/09/2017, na que notifica a proposta de sancionar a este concello cunha multa de 901,00 €uros por residuos depositados no lugar A Mota (parcela 468 do polígono 502 do catastro).

## **2.1.11.- RESOLUCIÓN DA SECRETARIA XERAL DE EMPREGO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA RECAIDA NA INSPECCIÓN REALIZADA CON DATA 6.3.2015 NA MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DIA.**

Pola secretaria dáse conta da resolución da secretaria xeral de Emprego de data 4/09/2017, con rexistro de entrada no concello co número 2130 en data 19/09/2017, na que resolve desestimar o recurso de alzada interposto polo Concello de Boimorto confirmando a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña, agora Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 27.8.2015, e a sanción imposta por un importe total de 3.126 euros.

## **2.1.12.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO DENOMINADO “SUMINISTRO DE ARCOS SUXEITA COLECTORES DE BASURA NO CONCELLO DE BOIMORTO”.**

Pola secretaria dáse conta da resolución de concesión de subvención da Dirección Xeral de Administración Local, con rexistro de entrada no concello co número 2125 en data 18/09/2017, para o proxecto denominado “Suministro de arcos suxeita colectores de basura no Concello de Boimorto” por importe de 7.066,70 € na liña de subvencións de natureza non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental

## **2.1.13.- ACORDO DA SECRETARIA XERAL DE CULTURA CONSELLERÍA DE CULTURA,**



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## **EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O LOCAL SOCIAL DA GÁNDARA.**

Pola secretaria dáse conta do escrito telemático da Secretaría Xeral de Cultura, con rexistro de entrada no concello co número 2126 en data 18/09/2017, no que comunica que acordou non admitir a trámite a solicitude de subvención presentada por este concello para o proxecto "Adquisición de equipamento para o local social da Gándara" polo motivo de que non se axusta ao artigo 1.2 da Orde do 5 de maio de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais.

### **2.1.14.- REQUIRIMENTO DO ORGANISMO DE AUGAS DE GALICIA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS DOMÉSTICAS DEPURADAS AO RÍO BATÁN (CUNCA DO RÍO TAMBRE) PROCEDENTES DO SISTEMA DE DEPURACIÓN ASENTADO NO LUGAR DA PEROXA – OS ÁNXELES**

Pola secretaria dáse conta do escrito da xefa da área de vertidos do Organismo Augas de Galicia, con rexistro de entrada neste concello en data 19/09/2017, no que informa que a vista da autorización de vertido outorgada para as instalacións de referencia por resolución de Augas de Galicia de data 23/01/2014, non se ten constancia de que se teñan presentado os xustificantes analíticos correspondentes aos controis do vertido que o concello deberá ter realizado e remitido a Augas de Galicia cos parámetros e periodicidade establecidos na autorización de vertido vixente, e requíreselle ao Concello para que presente dentro de QUINCE (15) DÍAS os informes de ensaio cos resultados dos controis de vertido efectuados dende o outorgamento da autorización de vertido coa periodicidade establecida nela.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.15.- ACORDO DA PRESIDENTA DE AGADER POLO QUE SE INICIA O PROCEDEMENTO DE CUALIFICACIÓN DE APTITUDE DAS PARCELAS NO BANCO DE TERRAS DE GALICIA NO CONCELLO DE BOIMORTO**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido pola presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con rexistro de entrada no concello co número 2181 en data 21/09/2017 no que comunica que con data 28.08.2017 acorda iniciar o procedemento de cualificación da aptitude para os fins do Banco de Terras de Galicia dos predios integrantes das masas comúns situados no Concello de Boimorto que figuran no Sistema de información Geográfica de Galicia (SITEGAL)

### **2.1.16.- ESCRITO DE AGADER COMUNICANDO QUE CONCLUIU A FASE DE INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO INICIADO PARA A DETERMINACIÓN DA APTITUDE PARA OS FINS DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA DOS PREDIOS INTEGRANTES DE MASAS DE COMÚNS E REQUERIMENTO E TRÁMITE DE AUDIENCIA AO CONCELLO.**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido dende a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con rexistro de entrada no concello co número 2180 en data 21/09/2017, no que comunica que Agader concluiu a fase de instrucción do procedemento iniciado por acordo de 28.08.2017 da presidenta de Agader para a determinación da aptitude para os fins do Banco de Terras de Galicia dos predios integrantes de masas comúns de Agader situados no concello de Boimorto e se require ao concello para que nun prazo de 10 días hábiles alegue e presente os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

### **2.1.17.- RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA POLA QUE SE DECLARA QUE AS OBRAS PROMOVIDAS POR MARIA ESTHER BRAVO PAZ EXECUTADAS EN SOLO RÚSTICO NON SON LEGALIZABLES.**



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pola secretaria dáse conta da resolución do director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, de data 15 de setembro de 2017, con rexistro de entrada no concello co número 2186 en data 22/09/2017, pola que se declara que as obras promovidas por María Esther Bravo Paz executadas en solo rústico, sen autorización urbanística autonómica consistentes na construción dunha edificación con tipoloxía de vivenda, na parcela catastral 86 do polígono 507, sita no lugar de Santarandel, parroquia de Arceo, non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico e se ordena a súa demolición que deberá ser executada no prazo de tres meses desde a notificación da presente resolución.

## 2.1.18.- RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA DE AGADER CORRESPONDENTE AO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática de Agader, con rexistro de entrada no concello co número 2215 en data 27/09/2017, na que resolve concederlle ao concello de Boimorto unha axuda por importe de 58.777,00, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 para a execución do proxecto "Mellora e mantemento de camiños en Boimorto: Capela de San Brais e Abaiuca, coa seguinte distribución por anualidades:

2017	2018
29.388,50 €	29.388,50 €

O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

Partida	Orz. Present. (S/IVE)	Orz. Present. (C/IVE)	Orzamento Aceptado	Observacións
Obra civil	58.217,36 €	70.443,01 €	58.217,36 €	O concello remitiu un proxecto modificado no que incrementa o importe do orzamento, admítese o importe da solicitude inicial
Control de Calidade das Obras	559,64 €	677,16 €	559,64 €	
TOTAIS	58.777,00 €	71.120,17 €	58.777,00 €	

O prazo final de xustificación será o 1 de setembro de 2018.

## 2.1.19.- RESOLUCIÓN DE AGADER MODIFICACIÓN DATA FINAL DE XUSTIFICACIÓN DE AXUDA CORRESPONDENTE L17 1920 20 0016 "ACONDICIONAMENTO DO CENTRO DE ENVELLECIMENTO ACTIVO DE ARCEO (CONCELLO DE BOIMORTO)"

Pola secretaria dáse conta da resolución remitida da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por medios telemáticos e por correo postal, con rexistro de entrada no concello co número 2322 e 2393 en data 9/10/2017 e 20/10/2017, na que se resolve modificar a data final de xustificación de investimentos da anualidade 2017, que pasa a ser do 15 de outubro de 2017 o 30 de outubro de 2017.

## 2.1.20.- RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA POLA QUE NON SE ADMITE POR EXTEMPORÁNEO O RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR MERCEDES BRAVO PAZ

Pola secretaria dáse conta da resolución do director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, de data 3 de outubro de 2017, con rexistro de entrada no concello co número 2324 en



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

data 9 de outubro de 2017, pola que non se admite por extemporáneo o recurso potestativo de reposición interposto por Mercedes Bravo Paz contra a resolución do 12/07/2017, ditada polo director da APLU, no expediente de reposición da legalidade das obras consistentes na construción dunha edificación con tipoloxía de vivenda e dúas edificacións auxiliares a dito uso, sitas na parcela catastral 20100 do polígono 507, no lugar de Santarandel, parroquia de Arceo, confirmando, en consecuencia, a resolución recorrida.

## **2.1.21.- ESCRITO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA EN RELACIÓN COA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A CONTRATACIÓN DUN TRABALLADOR PARA O SERVIZO DE SOCORRISTA**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido telemáticamente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con rexistro de entrada no concello co número 2370 en data 17 de outubro de 2017, no que comunica que unha vez analizada a documentación xustificativa presentada obsérvase que o traballador contratado iniciou a súa relación laboral o 22/06/2017 e causou baixa o día 14/08/2017 polo que se acorda a revogación parcial da subvención concedida. O importe de dita revogación ascende a 338,82 euros e o pagamento do resto da subvención por un importe de 2.566,18 euros.

## **2.1.22.- ESCRITO DA SECRETARIA XERAL DE CULTURA, CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVSERSITARIA, COMUNICANDO O PRAZO PARA DITAR E NOTIFICAR A RESOLUCIÓN EN RELACIÓN CO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR ESTE CONCELLO CONTRA A RESOLUCIÓN DA DIRECTORA XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA AS OBRAS DE "MELLORA DE CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS NAS PARROQUIAS DE BRATES, SENDELLE E OUTRAS".**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da Secretaría Xeral de Cultura, con rexistro de entrada no concello co número 2397 en data 20/10/2017, no que comunica que de conformidade co artigo 122.2 da Lei 39/2015 "O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses".

## **2.1.23.- COMUNICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO, AUTORIZANDO A CONTRATACIÓN ANTICIPADA DOS TRABALLADORES SUBVENCIONADOS A TRAVES DO PROGRAMA APROL RURAL**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con rexistro de entrada no concello co número 2399 en data 20/10/2017, no que comunica a autorización para a realización anticipada das seguintes contratacións, por un período de 9 meses:

Nº DE TRABALLADORES	GRUPO DE COTIZACIÓN	OCUPACIÓN
2	9	AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO
3	10	PEÓN MEDIOAMBIENTAL

## **2.1.24.- CERTIFICADO DA XEFATURA TERRITORIAL DE POLITICA SOCIAL DA CANTIDADE QUE SE LIQUIDARA E TRANSFERIRA AO CONCELLO DE BOIMORTO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA), CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2017**

Pola secretaria dáse conta do certificado remitido da Xefatura territorial da Consellería de Política Social, con rexistro de entrada número 2432 en data 26/10/2017, da cantidade que se liquidará e transferirá a este concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia),



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

correspondente ao 3º trimestre de 2017, segundo o seguinte desglose:

Mes de xullo: 9.457,26 €

Mes de agosto: 9.170,51 €

Mes de setembro: 8.878,71 €

Total nómina neta 3º trimestre: 27.506,48 €

Total devengado: 27.506,48 €

### **2.1.25.- RESOLUCIÓN DA PRESIDENTA DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL RELATIVA Á APTITUDE PARA O CUMPRIMENTO DOS FINS DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA DE 72 PREDIOS SITUADOS NO CONCELLO DE BOIMORTO.**

Pola secretaria dáse conta da resolución remitida da presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ditada en data 16 de outubro de 2017, con rexistro de entrada no concello co número 2433 en data 26/10/2017, na que se resolve declarar aptos para os fins do Banco de Terras de Galicia os 63 predios de Agader incluídos no Anexo I da resolución e declarar non aptos para os fins do Banco de Terras de Galicia os 9 predios de Agader incluídos no Anexo II da resolución.

### **2.1.26.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACION DE PERSOAL TÉCNICO EN ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada pola Presidenta en funcións da Deputación da Coruña, rexistro de entrada neste concello co número 1933 en data 21/08/2017, na que se aproba o pagamento do 50% do importe da subvención concedida para mantemento persoal técnico en animación sociocultural.

Importe do anticipo que se vai a aboar: 4.500,00 €

### **2.1.27.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN ABOAMENTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO-DEPORTIVO, DURANTE O ANO 2017**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada pola Presidenta en funcións da Deputación da Coruña, rexistro de entrada neste concello co número 1934 en data 21/08/2017, na que se aproba o pagamento do 50% do importe da subvención concedida para mantemento persoal técnico deportivo ano 2017.

Importe do anticipo que se vai a aboar: 7.500,00 €

### **2.1.28.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 1 DA OBRA AMPLIACIÓN DE MINIRESIDENCIA INCLUIDA NO PLAN DE ACCION SOCIAL (PAS) 2015**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 2100 en data 12/09/2017, na que se aproba a certificación número 1 da obra Ampliación de miniresidencia en Boimorto incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 e que se lle pague ao concello de Boimorto a cantidade que lle corresponde satisfacer á Deputación a cantidade de 57.071,66 € o 100% do total da certificación.

### **2.1.29.- CIRCULAR DA SECCIÓN DE PLANS PROVINCIAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN APROBADOS NO ANO 2014**

Pola secretaria dáse conta da circular remitida da sección de plans especiais da Deputación Provincial a través do sistema de interconexión de rexistros (SIR), con rexistro de entrada no concello co número 2113 en data 13/09/2017, no que se comunica que en ningún caso poderase exceder para a xustificación da obra Recuperación de espazo público en Santarandel. Parroquia





# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

de Arceo o prazo do 1 de novembro de 2017.

## **2.1.30.- ESCRITO DO LETRADO-ASESOR XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO QUE CON DATA 03/10/2017 FOILLE NOTIFICADA A SENTENZA DE 21/09/2017 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DA CORUÑA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 397/2017**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido polo letrado da Deputación Provincial, así como a SENTENZA de data 21/09/2017 recaída no procedemento ordinario 397/2015, ditada polo Xulgado do social número tres da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 2298 en data 06/10/2017, no que se acorda "... ESTIMO parcialmente la demanda formulada por Dña. Ana María Brea Iglesias frente al Concello de Boimorto y, en consecuencia, condeno a éste a abonar a la primera la suma de 518,21 euros en concepto de horas extraordinarias así como el interés del 10% conforme al art. 29.3 ET..."

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.1.31.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE LEVANTA A CONDICIÓN E SE APROBA DEFINITIVAMENTE O INVESTIMENTO DENOMINADO "MELLORAS DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE SENDELLE, BRATES E MERCURÍN" INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 2392 en data 20/10/2017, pola que se resolve considerar cumprida a condición á que foi sometida a actuación promovida por este Concello, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, e aprobar definitivamente a actuación "Melloras de camiños nas parroquias de Sendelle, Brates e Mercurín".

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.1.32.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2016**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 2403 en data 23/10/2017, pola que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 18/11/2015 (Bebeteca).

Importe que se vai a aboar: 4.940,29 €

Economía: 59,09 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.2.- ESCRITOS PARTICULARES**

### **2.2.1.- ESCRITO DE D. JUAN JOSÉ GARCÍA DURO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO**

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Juan José García Duro, Presidente da Asociación de veciños de Arceo, rexistrado de entrada no rexistro telemático do concello co número 201799900000006 en data 16/07/17 no que expón que numerosos veciños se están queixando do mal estado en que se encontran as baldosas en algunhas zonas das beirarrúas sitas na CP-1004 á altura do Canto do Balo, SOLICITA:

<<Se arranxe dito pavimento, asentando as baldosas en mal estado o antes posible, para non ter que lamentarnos, en calquer momento, dunha caída con maior gravidade.>>

A alcaldía informa que xa están arranxadas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

ÚNICO.- Comunicarlle ao presidente da asociación de veciños de Arceo que este tema xa está



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

resolto.

## 2.2.2.- ESCRITO DE D. JUAN JOSÉ GARCÍA DURO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Juan José García Duro, Presidente da Asociación de veciños de Arceo, rexistrado de entrada no rexistro telemático do concello co número 201799900000009 en data 01/10/17 no que expón que no ano 2014, o Concello de Boimorto aprobou un convenio de colaboración coa Deputación da Coruña para a financiación das obras de Recuperación do espazo público en Santarandel (Parroquia de Arceo); subvencionado o 100% pola Deputación. Dende entón, os veciños están a preguntar por este tema, SOLICITA:<<Información o respecto deste acordo, en que fase se encontra, e se xa se saben os prazos de execución dos traballos, así como o alcance dos mesmos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

ÚNICO.- Comunicarlle ao presidente da asociación de veciños de Arceo que a obra xa está en execución e que ten que estar rematada ao 1 de novembro de 2017.

## 3.- SOLICITUDES SERVIZO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto o informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

### <<INFORME SOCIAL

**INSTITUCIÓN:** Concello de Boimorto. Servizos Sociais

**INFORME EMITIDO POR:** María Esther Vidal Pandelo

**DATA DO INFORME:** 26/10/2017

**DIRIXIDO A:** XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia e podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

### 1.- MARÍA DOLORES VÁZQUEZ BARREIRO (R.E. 2253 data 2/10/2017) – PODOLOXÍA

#### VALORACIÓN TÉCNICA

- Consta informe médico que acredita necesidade.
- Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

### 2.- MARÍA CARMEN GARCÍA GARCÍA (R.E. 2254 data 2/10/2017) – PODOLOXÍA

#### VALORACIÓN TÉCNICA

- Consta informe médico que acredita necesidade.
- Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

### 3.- MARÍA GARCÍA LIÑEIRA (R.E. 2264 data 4/10/2017) – FISIOTERAPIA - PODOLOXÍA

#### VALORACIÓN TÉCNICA

- Consta informe médico que acredita necesidade.
- Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

### 4.- MARIA DORINDA GRAÑA BERMEJO (R.E. 2265 data 4/10/2017) – PODOLOXÍA

#### VALORACIÓN TÉCNICA

- Consta informe médico que acredita necesidade.
- Non consta minusvalía nin resolución de dependencia



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

## 5.- ANTONIA ARES ENJAMIO (R.E. 2315 data 9/10/2017) – FISIOTERAPIA VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

## 6.- CELIA LÓPEZ TROITIÑO (R.E. 2406 data 24/10/2017) – FISIOTERAPIA VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

## 7.- JOSÉ ANTONIO REY COSTOYA (R.E. 2407 data 24/10/2017) – FISIOTERAPIA VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta de Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a María García Liñeira, Antonio Ares Enjamio, Celia López Troitiño e José Antonio Rey Costoya e no servizo de podoloxía a María Dolores Vázquez Barreiro, María García Liñeira e María Dorinda Graña Bermejo.

SEGUNDO.- Notificar os/ás beneficiarios/as deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de outubro, novembro e decembro de 2017. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

## 4.- SOLICITUDE BAIXA NO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIROS DO INMOBLE SITO NA RÚA ESTRADA DA MOTA Nº 9 (BOIMORTO)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1777 con data 26/07/2017, presentada por Dna. María Carmen López Vázquez, DNI núm. 33268285G con domicilio a efectos de notificación en rúa Juan Díaz Porlier nº 7 4º A, A Coruña, código postal 15009, na que solicita a baixa no servizo de abastecemento de auga, na de recollida de lixo e de sumidoiros da nave sita na rúa Estrada da Mota número 9 do núcleo urbano de Boimorto a nome do seu irmán José Javier López Vázquez, que estaba adicada á explotación avícola e que agora mesmo non hai actividade por cese.

Vista a documentación presentada pola interesada, copia de escritura de recoñecemento e adxudicación en pago de débeda de Jose Javier López Vázquez cos seus irmáns, formalizada ante o notario Oscar Manuel López Doval en data 23/02/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e o contador de auga número 194447 e os recibos de recollida de lixo e de sumidoiros que figura a nome de seu irmán José Javier López Vázquez,



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

correspondente ao inmovible sito na rúa Estrada da Mota nº 9 do núcleo urbano de Boimorto.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito na rúa Estrada da Mota nº 9 do núcleo urbano de Boimorto.

### 5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN SOBREIRA Nº 16 (BUAZO)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 2218 con data 28/09/2017, presentada por Dna. Virtudes Ares Andrade, DNI núm. 33271695X con domicilio a efectos de notificacións en rúa Peniñas nº 2 3º C, Curtis, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Sobreira nº 16, da parroquia de Buazo, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 05/10/2017

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. Virtudes Ares Andrade, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Sobreira número 16 da parroquia de Buazo, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### 6.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DE EXPLOTACIÓN DE PORCINO SITA EN DORMEÁ

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 1407, con data 20/06/2017, presentada por D. Oscar Vidal García, DNI núm. 79335867N, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Priorada s/n, Melide, actuando en representación da entidade Comercio de Porcos, S.L. CIF: B15747181, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da explotación de porcino sita no lugar de Priorato, da parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 31/07/2017

Advirte a secretaria que non consta no concello a licenza definitiva de actividade nin o cumprimento de medidas correctoras, polo que se debería paralizar a actividade e esixirse unha adaptación das medidas correctoras.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Oscar Vidal García, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a explotación de porcino sita no lugar de Priorato da parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### 7.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN CHOUSAS Nº 1 (CORNEDA)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 1987, con data 24/08/2017, presentada por D. Eugenio Sánchez Rodríguez, DNI núm. 14227012V con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Chousas nº 1, Corneda, 15816 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Chousas nº 1, da parroquia de Corneda, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 05/10/2017

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Eugenio Sánchez Rodríguez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Chousas número 1 da parroquia de Corneda, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### 8.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN OUTEIRO Nº 10 (CORNEDA)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 2046, con data 05/09/2017, presentada por D. Gabriel Rodríguez Sánchez, DNI núm. 78782247W con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Outeiro nº 10, Corneda, 15816 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Outeiro nº 10, da parroquia de Corneda, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 05/10/2017



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Gabriel Rodríguez Sánchez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Outeiro número 10 da parroquia de Corneda, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### 9.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN RÚA CAMPO DO ROSARIO Nº 9 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 2226, con data 02/10/2017, presentada por Dna. María Luisa López García, DNI núm. 78794695F con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Freixido nº 20, Cardeiro, 15818 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita na rúa Campo do Rosario número 9 do núcleo urbano de Boimorto.

Visto o informe do técnico municipal de data 05/10/2017

